



# FIBELAS, BROCHES E APLIQUES DO CASTRO DE VILADONGA. CATALOGACIÓN E ESTUDO DA INDUMENTARIA CIVIL E MILITAR E DOS RESTOS ORGÁNICOS ADHERIDOS

Álvaro Pérez Rozas

## Introdución

Nos últimos anos, dende o Museo do Castro de Viladonga véñense realizando unha serie de traballos de investigación encamiñados a un mellor coñecemento tanto da indumentaria como da actividade téxtil desenvolta no castro. Este tipo de estudos poden ser abarcados dende distintas vertentes: estudo das fibras e tecidos, dos complementos (fibelas, fíbulas, adornos...), dos instrumentos e técnicas de fabricación, etc. A cultura material recuperada ao longo dos xa máis de cincuenta anos de escavacións, permitiunos, entre outros puntos, remarcar a importancia do fiado para os habitantes do castro ou constatar a presenza de la como materia prima para diversos usos.

Algunhas facetas desta investigación vense moi condicionadas pola situación xeográfica do castro, enclavado nun contorno xeolóxico ácido, o que dificulta a conservación dos escasos restos orgánicos que puideran conservarse ata os nosos tempos. Esta situación, como dicimos, condiciona a dirección das investigacións e converte nunha labor imprescindible o feito de tentar extraer de cada resto, peza ou evidencia a máxima cantidade de información posible sen afectar ao seu estado de conservación.

Con este traballo, no que analizamos posibles restos orgánicos conservados en contacto con varias fibelas, broches ou adornos, pretendemos dar a coñecer novas evidencias arqueolóxicas relacionadas coa vestimenta ou indumentaria en contextos castrexos, á vez que actualizamos o inventario e catalogación deste tipo de pezas e poñemos sobre a mesa a posible presenza militar no castro baseándonos nas particularidades dunha indumentaria propia e claramente distintiva.

## Estado da cuestión<sup>1</sup>

Os estudos sobre unha parte tan senlleira da indumentaria na antigüidade como son os *cingula militiae* teñen o seu arrinque, no territorio peninsular, a raíz da escavación da necrópole valisoletana de San Miguel de Arroyo (Valladolid) no ano 1957. Co gallo da aparición deste enterramento, Pere de Palol converterase no responsable desas primeiras aproximacións ao estudo deste tipo de accesorios e adornos. A escavación da necrópole de Fuentespreadas (Zamora) tamén supuxo un pulo para

<sup>1</sup> Os distintos puntos de vista sobre os que abordamos os fondos froito deste artigo obríganos a tratar este apartado dunha forma bastante resumida, polo que, seguramente, deixamos fora do mesmo numerosos autores dignos de mención pola súa aportación.

un mellor coñecemento dos botóns de bronce, grazas aos primeiros esbozos para a súa clasificación por parte de Caballero Zoreda (1974). Dende os anos 80 do século pasado, Aurrecoechea Fernández converterase nun dos grandes referentes para o estudo de todo o concenrente á indumentaria militar romana en Hispania. Os seus traballos abarcan o estudo e catalogación de botóns, fibelas, bisagras, adornos... converténdose en punto de partida para case calquera tipo de investigación no que se recolla algún obxecto que poida estar relacionado con este tema.

Segundo, precisamente, a clasificación formulada por Aurrecoechea, Arias e Durán (1997) publican o seu estudo sobre os apliques e botóns de bronce recuperados no castro de Viladonga, realizando unha breve aproximación á catalogación e posible uso deste tipo de pezas. Algunha delas será obxecto dunha nova revisión a través do presente artigo.

Máis común é a aparición de traballos sobre outro tipo de complementos do vestido, as fíbulas, o que favoreceu que hoxe se dispoña dunha considerable fonte de información a través de artigos de investigación e, inclusive, unha considerable abundancia de catálogos que nos ofrecen a posibilidade de establecer cronoloxías precisas e paralelos. No caso concreto de Viladonga destacamos a publicación do catálogo de fíbulas galaico-romanas de Lage Pillado (2004), se ben hoxe en día necesite algún engadido debido aos novos exemplares que viron a luz a raíz das escavacións realizadas entre os anos 2016 e 2020<sup>2</sup>.

En canto aos estudos sobre a produción téxtil na prehistoria ou na antigüidade, temos que sinalar que carecen dunha necesaria continuidade no terzo NO peninsular. Esta situación queda aínda máis en evidencia cando a comparamos cos traballos que se realizan, desde hai décadas, noutras zonas da península, no norte de Europa ou no ámbito Mediterráneo, onde proliferan os proxectos de investigación, os traballos de arqueoloxía experimental ou os numerosos congresos e publicacións con autores e investigadoras de referencia como as doutoras Carmen Alfaro e Margarita Gleba, entre outras.

<sup>2</sup> Tamén sería desexable unha análise pormenorizada ante a posibilidade de que se poidan conservar restos orgánicos mineralizados, aínda que sexan microscópicos.

A práctica ausencia de estudos específicos dirixidos desde as universidades galegas, a situación xeográfica -cunha acidez do solo que dificulta a conservación de restos orgánicos-, ou a escasa atención que se lles presta nas intervencións arqueolóxicas -a pesar da abundancia de materiais recuperados- fai que o estudo da actividade téxtil quede reducido a pequenas e contadas achegas centradas en ámbitos moi locais ou, no peor dos casos, a inventarios de materiais que case ninguén se molesta en consultar e revisar.

Aínda que, como dicimos, son contados os autores que se introducen neste tipo de estudos en contextos castrexos ou galaico-romanos, debemos destacar as achegas realizadas, principalmente arredor do uso das fusaiolas, por investigadores como Naveiro López e Felipe Senén (1987), Rodríguez Calviño (1999; 2005) ou, máis recentemente, as achegas presentadas por Rodríguez Novoa sobre os elementos relacionados coa actividade téxtil recuperados na “cibdá” galaico-romana de Armea (2014, 2017).

Polo que respecta a recuperación e análise de restos orgánicos ou fibra téxtil, temos que mencionar os traballos sobre as mostras localizadas no castro de Viladonga: uns pequenos restos de fibras en torsión asociadas a unha fusaiola de chumbo e, principalmente, os restos dunha mecha de la presentes dentro dun tubo de bronce (Pérez, 2017; 2019).

En definitiva, aínda que podemos intuír, a través do escrutinio de memorias e inventarios de escavacións, a importancia da elaboración e a amplitude do comercio de produtos relacionados coa indumentaria para a economía dalgúns castros, seguimos botando de menos traballos de síntese que engloben este tema dende un punto máis xeral, con investigacións dirixidas a cuantificar a importancia económica desta actividade, os tipos de tecidos e vestimenta, as distintas formas de traballo, as relacións comerciais ou mesmo os cambios e modas introducidos ao longo do proceso de romanización, tanto na poboación civil coma no estamento militar.

### Métodos analíticos para materiais orgánicos

O avance dos estudos sobre téxtiles arqueolóxicos e a súa progresiva sistematización, con protocolos analíticos cada vez máis sistematizados, así como o establecemento de terminoloxías acordadas internacionalmente, permitiu acadar un coñecemento xeral da evolución desta actividade esencial desde, case, a súa remota orixe (Gleba, 2020).

Para Margarita Gleba, a análise estrutural estándar deste tipo de restos debería incluír a determinación da materia prima (la, liño, esparto, etc.), as dimensións do fío en urda e trama, o sentido de torsión do fío, a tensión do ángulo de torsión, o tipo de tecido, o número de fíos en urda e trama ou calquera outra característica que poida aportar información sobre a súa fábrica, como poden ser erros, existencia de bordos, tinguiduras, etc. (Gleba, 2020).

Na maioría dos casos este tipo de actuacións poderían solucionarse cunha lupa binocular. Para a identificación das fibras, dependendo do seu estado, podería ser necesario un microscopio con, cando menos, 200 aumentos. O uso de microscopio electrónico estaría condicionado pola necesidade de extraer mostras dos tecidos ou no caso de restos de pequenas dimensións. Neste caso, ademais de dispoñer de aumentos de ata 5000x, disporíamos da posibilidade de obter unha análise química da súa composición, especialmente indicada cando os restos aparecen asociados a outros materiais. Para o noso caso dispoñemos dunha lupa binocular, dun microscopio dixital (DinoLite Edge) e dunha unidade metalográfica Haxon Aquiles II. Destacamos a versatilidade do pequeno DinoLite, que nos permite obter imaxes de ata 240x, á vez que podemos controlar a incidencia e polarización da luz, así como acadar maiores e diversos ángulos de aproximación, polo que se poden obter imaxes desde diversos puntos de vista sen a necesidade de extraer mostras da peza.




Fig. 1. Comparación entre as imaxes obtidas con luz polarizada.

Outro tipo de materiais orgánicos, relacionados coa vestimenta son os restos de peles ou coiros. A correcta identificación dos distintos tipos de coiro mediante análise de imaxes (microscópicas e macrofotografías) implica unha serie de medicións e comparación de determinadas características morfolóxicas (área dos poros, densidade ou distancia entre poros, presenza de pelos...) para os que se precisa realizar unha serie de cálculos e algoritmos (Jawahar, J. *et al.* 2016). Desgraciadamente, o estado de conservación dos coiros, a pequena superficie de pel preservada, o estado de mineralización pola súa asociación a metais ou os propios tratamentos recibidos durante o curtido non favorece a observación de moitas destas particularidades, polo que moitas veces non podemos precisar algunhas das singularidades elementais para

unha correcta identificación. O grosor da pel, a lonxitude dos pelos -se é que os hai-, a presenza de cortes ou marcas, materiais asociados ou a determinación do seu contexto arqueolóxico tamén son datos que nos poden axudar á unha mellor identificación dos coiros, ou cando menos, darnos pistas sobre o seu posible uso.

Esta parte da análise dos restos recuperados pode -e debe- ter en conta, como sinalamos anteriormente, o contexto arqueolóxico e o resto das evidencias que nos poidan achegar información sobre os usos e costumes da poboación, no caso de Viladonga, un hábitat en orixe castrexo cun período de ocupación galaico-romano prolongado ata o século V. A presenza de restos óseos, pegadas de animais ou mesmo a existencia dun instrumental especializado non debe ser obviada á hora de extraer algunhas conclusións. No castro de Viladonga contamos xa con estudos zoo-arqueolóxicos que no seu momento non deron unha imaxe bastante nítida da presenza animal, destacando o gando vacún e os ovino-cabrún (Fernández 2002). Máis de vinte anos -e varias campañas de escavación- despois desa publicación, quizais sexa necesaria unha actualización dos datos e, incluso, barallar a posibilidade de levar a cabo novos estudos interdisciplinarios, con análises xenéticos, comparación de cadeas de péptidos ou análises isotópicos sobre os diversos tipos de restos da poboación animal.

### Descrición das pezas obxecto de estudo

A intención deste traballo parte da idea de analizar os posibles restos da vestimenta e indumentaria das persoas habitantes do castro, pero debido á variabilidade tipolóxica existente, ou ao mal estado dalgúns materiais, algunhas veces pode ser difícil distinguir entre os atavíos que puideron pertencer ás persoas ou os que formaron parte de arreos e adornos animais. Como consecuencia disto, e como tantas outras veces en arqueoloxía, algunhas conclusións -ou a falta delas- quedarán irremediamente supeditadas a ulteriores achados e investigacións.

Para a realización deste artigo revisáronse 9 fibelas<sup>3</sup> que, ata o día de hoxe, se contabilizan como recuperadas no castro de Viladonga. Tamén revisamos catro enganches catalogados como de “tahalí” ou cinto. A maiores incluímos varias pezas catalogadas como apliques (6), placas (2) ou botóns (2), xa que, como veremos, o seu uso e funcións parecen estar directamente relacionados con afeites propios de cintos de carácter militar.

Debemos sinalar que en dúas das pezas estudadas (1970/00169 e 1970/00170) xa se tiña observado a presenza de restos orgánicos macroscópicos con anterioridade, aínda que sen precisar máis alá da posibilidade de que puidera tratarse de coiro. A maiores destas dúas, tamén se advertira a presenza de restos de coiro adherido a un aplique (1970/00176).

No cadro que segue relacionamos as fibelas, apliques, enganches e botóns do castro de Viladonga que forman parte desta revisión e, a continuación, ofreceremos unha descrición máis pormenorizada das mesmas, así como os resultados observados despois de ser vistas baixo microscopio. Proporemos tamén algunhas opcións de uso para os mesmos, para o que tentaremos buscar paralelos que nos permitan acadar este tipo de precisións. (As imaxes das pezas estudadas van dispostas nos anexos finais do artigo).  
Autora fotografías. Marta Cancio

<sup>3</sup> A maiores destas pezas, tivemos a ocasión de revisar fragmentos dalgunha argola que poderían ser compatibles con algún tipo de fibela.

| ID         | Descrición                                                                                                         | Materia           | Posible uso <sup>4</sup> | Escavación/<br>Localización |
|------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|--------------------------|-----------------------------|
| 1970/00151 | Fibela incompleta, de sección circular e remates sección cadrada.                                                  | Bronce            | ?                        | Anos 70/Indeter-<br>minada  |
| 1970/00166 | Enganche.                                                                                                          | Bronce            | <i>Lorica segmentata</i> | Anos 70/Indeter-<br>minada  |
| 1970/00167 | Fragmento de placa decorada/engan-<br>che.                                                                         | Bronce            | Armadura                 | 1972/Cata S-Z-8<br>D-39     |
| 1970/00168 | Fibela circular, con agulla.                                                                                       | Ferro             | <i>Cingulum</i>          | 1971/Cata C3                |
| 1970/00169 | Fibela de forma circular con agulla e<br>fragmentos de coiro. Sección semicir-<br>cular.                           | Bronce            | ?                        | Anos 70/Indeter-<br>minada  |
| 1970/00170 | Fibela de forma circular, sen agulla e<br>con restos de coiro. Sección semicir-<br>cular.                          | Bronce            | ?                        | Anos 70/Indeter-<br>minada  |
| 1970/00171 | Fibela cuadrangular de sección plana,<br>con lixeiras incisións. Conserva o arrin-<br>que da agulla de ferro rota. | Bronce e<br>Ferro | Arnés                    | 1973/Cata I-35              |
| 1970/00172 | Placa cadrada con decoración calada.                                                                               | Bronce            | <i>Cingulum</i>          | 1974/Cata I-46              |
| 1973/00173 | Aplique en forma de pelta.                                                                                         | Bronce            | <i>Cingulum</i>          | 1973/Cata I-17              |
| 1970/00174 | Aplique en forma de pétalo.                                                                                        | Bronce            | Arnés                    | Anos 70/Indeter-<br>minada  |
| 1970/00175 | Aplique case cadrado con cabeza<br>humana.                                                                         | Bronce            | <i>Cingulum</i>          | Anos 70/Indeter-<br>minada  |
| 1970/00176 | Aplique con 6 remaches e restos de<br>coiro.                                                                       | Bronce            | <i>Cingulum</i>          | Anos 70/Indeter-<br>minada  |

4 As propostas sinaladas extráense de paralelos para os que o seu posible uso se puido supoñer polo contexto arqueolóxico determinado no seu momento. En calquera caso, sempre debemos ter en conta a posibilidade de que algunha das pezas estudadas puideron ter varias utilidades.

|                          |                                                                                                        |                   |                          |                                                            |
|--------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|--------------------------|------------------------------------------------------------|
| 1970/00177               | Aplique en forma de flor.                                                                              | Bronce            | Arnés                    | Anos 70/Indeter-<br>minada                                 |
| 1970/00178               | Botón decorado.                                                                                        | Bronce            |                          |                                                            |
| 1970/00180               | Aplique composta por unha anela<br>case circular e unha placa oblonga.                                 | Bronce            | <i>Cingulum</i>          | Anos 70/Indeter-<br>minada                                 |
| 1970/00202               | Aplique circular.                                                                                      | Bronce            | Arnés                    | Anos 70/ Inde-<br>terminada                                |
| 1970/02449<br>1970/02450 | 2 Fragmentos de fibela que pegan en-<br>tre si. A fibela presenta forma curvada<br>e sección circular. | Ferro             | ?                        | Cata C3/A-4/C-C                                            |
| 1974/00011               | Fibela de forma rectangular e ángulos<br>redondeados. Conserva o arrinque da<br>agulla.                | Ferro             | ?                        | 1974/Cata I-42                                             |
| 1976/00017               | Botón circular.                                                                                        | Bronce            | Adorno persoal           | 1976/Cata I-37                                             |
| 1984/0778,3              | Enganche.                                                                                              | Bronce            | <i>Lorica segmentata</i> | 1984/Cata I-46                                             |
| 1988/02128,1             | Enganche.                                                                                              | Bronce            | <i>Lorica segmentata</i> | 1988/Cata T-12                                             |
| 1989/00058               | Enganche.                                                                                              | Bronce            | <i>Lorica segmentata</i> | 1989/Cata P-<br>12/Q-12                                    |
| 2007/00377               | Fibela de forma cadrada e sección<br>plana. Conserva a agulla de ferro case<br>completa.               | Bronce e<br>Ferro | ?                        | 2007/Capa 4,<br>nivel 2.<br><br>X:4,10; Y:0,35;<br>Z:1,375 |
| 2008/0007                | Fibela de bronce en forma de D.                                                                        | Bronce            | <i>Cingulum</i>          | 2008/ Cata<br>AB-29, Capa 11,<br>nivel 2                   |

### 1970/00151

A primeira peza suxeito deste estudo trátase dunha fibela de bronce de sección circular e remates de sección cadrada. As súas dimensións son de 27 mm de longo e 24 mm de ancho. Conta cun peso de 40,7 gramos.

Esta fibela foi recuperada durante as primeiras escavacións realizadas no castro de Viladonga, dirixidas por Chamoso Lamas. Por desgraza non contamos con datos sobre a súa localización exacta dentro do castro.

Coa revisión baixo o microscopio dixital puidemos constatar a presenza de varios restos de pelo ou la sobre a súa superficie. Un dos mellor conservados (fig. 2) presenta unhas dimensións que van desde un grosor de 55 microns na parte inferior ata as 30 da súa punta. De longo chega aos 43,87 mm.

Este tipo de restos illados sempre pode sementar a dúbida sobre a súa procedencia, sendo posible que se trate de contaminacións máis recentes<sup>5</sup>. Neste caso, a súa situación na peza, así como a forma de encaixar entre as floracións minerais fai que non o consideremos como posible contaminación. Normalmente as fibras froito de contaminacións recentes soen aparecer superpostas sobre as mineralizacións, non encaixadas nelas. Moitas veces presentan partes completamente soltas, aínda que sexan microscópicas, e na maioría dos casos pódense identificar claramente como fibras de algodón, como veremos máis adiante.




Fig. 2. Foto detalle dun pelo incrustado entre a corrosión da fibela 1970/00151.

### 1970/00166

Enganche de bronce de forma case piramidal, coa punta rota. Presenta decoración en forma de dous espazos delineados por liñas incisas nos que se insiren cadansúa liña de z, tamén incisas, de formas curvas e aproveitando todo o espazo, para o que se colocan algunhas lixeiramente deitadas. Presenta unhas dimensións de 47x20 mm e 7,4 gramos de peso.

### 1970/00167

Fragmento de placa de bronce, fabricada a molde e cun oco de forma rectangular. Presenta decoración en forma de catro círculos formados por liñas descontinuas verticais e sobre elas unha liña incisa horizontal que separa os círculos do oco rectangular. O fragmento recuperado presenta unhas dimensións de 21x20 mm.

En canto ao seu achado, foi recuperado durante a campaña de escavacións de 1972, na cata S-Z-8 D-39.

Ao tratarse dun fragmento de pequeno tamaño, facer unha interpretación do seu posible uso pode ser un tanto aventurado. En calquera caso, podemos dicir que se asemella bastante as placas de armadura *-lorica segmentata* ou máis ben *lórica manica-* polo

que podería estar relacionado coa aparición de enganches coma os que describimos tamén neste artigo (1970/00166; 1984/0118,3;1988/02128 e 1989/00058). A continuación (fig. 3) mostramos un debuxo interpretando a situación deste fragmento de placa a partir doutros similares, aínda que, por desgraza, descontextualizados.




Fig. 3. Debuxo interpretativo da placa completa a partir doutras pezas similares. Debuxo: Marta Cancio.

### 1970/00168

Fibela de forma circular con agulla de ferro forxada. Presenta un diámetro máximo de 50 mm e un peso de 32 gramos. Foi recuperado na cata C-3, durante a escavación de 1971.

Esta peza sufriu un proceso de reintegración por unha rotura na agulla durante a restauración levada a cabo no ano 1988. Posteriormente aplicáronselle varias capas de protección. O estudo microscópico non aportou rastro algún de fibras mineralizadas.

Para Aurrecoechea (1999) estes broches tipo “Olmeda” son característicos do século III d. C., cando se puxeron de moda entre os cintos militares. Son moi numerosos os achados na necrópole do xacemento homónimo de La Olmeda (Palencia) aínda que tamén se teñen documentado en Astorga e Villarrubia de Santiago, entre outros.

É posible que este tipo de fibelas estean máis representadas no castro de Viladonga do que en principio se podería pensar, xa que entre os fondos do museo temos constatado a presenza de varios obxectos clasificados como argolas de ferro que, aínda que carecen de agulla, as súas características e dimensións (entre 45 e 50 mm de diámetro) fannos pensar que, cando menos algún deles, puideron ter sido fibelas de cinto que chegaron ata nós sen agulla.

### 1970/00169

Trátase dunha fibela circular de bronce, con barra central que a divide en dous espazos simétricos. Nun destes espazos, partindo desde a barra central é para a agulla, mentres que no outro dispóñense dúas barras que funcionan como ganchos ou prisioneiros para axustar o coiro. En canto ao marco, este presenta sección semicircular e unhas dimensións de 50 mm de diámetro máximo. O peso da fibela chega aos 29,5 gramos. Non se aprecia ningún tipo de marcas ou incisións que se poida entender como decoración. Para a fabricación desta peza utilizouse a técnica da cera perdida.

En canto ao seu achado, foi recuperada nas escavacións dos anos 70 do século pasado polo que a situación estratigráfica é descoñecida. Esta fibela é idéntica á peza numerada coa serie 1970/00170, da que falaremos nas seguintes liñas.

Ademais de atoparse completa, conserva uns restos de coiro que ocupan, aproximadamente, ¾ partes da superficie interior da fibela e que analizaremos de forma máis pormenorizada no apartado dedicado ao estudo dos restos orgánicos. Non se observan fibras longas nin calquera outro resto ou pegada que poidan ser identificados como fibras téxtiles ou parte dun tecido.

<sup>5</sup> Unha das posibilidades máis probables para a orixe deste tipo de febras soltas serían os pinces usados en restauración, sen desestimar a posibilidade de que se traten de pelos humanos.

### 1970/00170

Esta fibela, tamén circular e fabricada en bronce, é idéntica á peza anteriormente descrita (1970/00169), coa única diferenza de que perdeu a agulla. Conserva a barra central e pode observarse o oco, de 6,9 mm, no que iría a agulla. A ambos lados deste espazo vemos dous pequenos buratos de 1,2 mm de diámetro máximo nos que iría encaixada a agulla. Tamén conserva parte das dúas pequenas barras que servirían para fixar o coiro, da mesma forma ca fibela anterior. Unha vez limpa e restaurada, presentou unhas dimensións de 510 mm de diámetro e un peso de 23 gramos.

Non conseguimos atopar paralelos para estes exemplares e, de feito, este tipo de fibelas non aparece en ningún dos rexistros e catálogos consultados ata pasada a Idade Media (s. XVII), cando se comezan a difundir algunhas fibelas para calzado con fixadores. Mesmo así, este afastado paralelo en canto ao sistema de amarre aínda queda lonxe na forma, presentando bastantes diferenzas formais.

Temos que dicir, polo tanto, que nos atopamos, aparentemente, diante dunha tipoloxía única da que no castro de Viladonga aparecen dous exemplares. A presenza de coiro en ambas fibelas abriría a posibilidade de poder datalas co que, nun futuro, esperamos poder asinarlles unha cronoloxía que nos saque de dúbidas sobre a súa orixe, e así poder confirmar que nos atopamos diante dun tipo de fibela romana inédito.

### 1970/00171

Fibela con marco de bronce en forma de ferradura pero cos bordos interiores case pentagonais. Conserva o arrinque da agulla de ferro rota. Presenta lixeiras incisións na superficie do marco. Foi localizada na cata I-35, durante as escavacións realizadas no ano 1973.

En canto ao seu posible uso, soamente podemos sinalar que, na nosa opinión, estaría destinada a correas ou cintos estreitos, recordándonos na súa feitura ás usadas nos arneses de cabalos<sup>6</sup>.

### 1970/00172

Placa de bronce de forma cadrada e con decoración calada (*opus interrabile*). A decoración preséntasenos en forma de peltas ou medias lúas con espazos de menor calado entre elas. As medias lúas dispóñense en torno a unha especie de círculo ou roda central que, á súa vez, ten no seu interior catro medias lúas, pero de menor tamaño cas exteriores. Conserva un dos pasadores onde engancharía a fibela. Na súa parte posterior presenta dúas extensións que servirían como remaches. As súas dimensións son de 42x38 mm e acada un peso de 13,2 gramos.

Este tipo de broches ou placas caladas de motivos en forma de pelta e máis ou menos simétricos, podería encadrarse no denominado tipo Simancas. Para Fernando Pérez este tipo de broches poderían datarse entre o 350 e o 450 d. C. e serían unha influencia dos broches ultrapirenaicos da segunda metade do século IV. Pérez inclúe, “sen dúbida”, estes broches dentro dos *cingula militae*, “cando menos no seu concepto”, aínda que non está tan seguro de que os seus portadores fosen necesariamente soldados nin, sendo o caso, o tipo de servizo militar baixo o que se fundamentaría a súa presenza (Pérez, 1991;106).

Nas imaxes obtidas con microscopio non se observan restos orgánicos, pero poden apreciarse o as marcas do puido por rozamento e algunhas pequenas mostras da cor dourada orixinal da peza.

### 1970/00173

Botón de bronce en forma de pelta. Na parte posterior presenta dous remaches para amarralo, probablemente, nun cinto de coiro.

<sup>6</sup> Temos constancia de varias imaxes de fibelas idénticas na rede, pero todas carentes dun contexto arqueolóxico claro.

Presenta unhas dimensións de 28x26 mm. Para Durán e Fuentes (1997) trátase dunha peza que se cadraría no tipo II-1.2.a. de Aurrecoechea (1994).

En canto ás súas dimensións, chega a un peso de 7,5 gramos e uns 28 mm de diámetro máximo.

### 1970/00174

Aplique de bronce de forma circular e bordo ondulado, semellando pétalos. Cóntanse un total de oito pétalos divididos, cada un deles, en dúas partes por medio de liñas incisas. Aínda que ten a correspondente pátina verdosa do bronce, aínda conserva bastantes partes do dourado orixinal desta aliaxe. Na parte traseira ten un único remache ou espigo totalmente dobrado sobre si mesmo, formando unha arandela. Este está situado no centro e presenta forma cuadrangular na base, onde acada os 5 mm para logo irse apuntando cara o extremo. As dimensións totais do aplique chegan aos 37 mm de diámetro e uns 22 gramos de peso.

A observación baixo microscopio non aportou restos de fibras antigas, pero si abundantes restos de algodón e algúns diminutos puntos de corrosión vermellas (cuprita) e azulada (azurita).

### 1970/00175

Aplique de bronce de forma case cadrada. As súas dimensións son de 33x29 mm e ten un peso de 9,5 gramos. Presenta decoración en forma de cabeza humana un tanto esquemática. A cabeza confórmase a partir dun triángulo no que se inclúen os ollos por medio de dous círculos incisos co centro marcado. O nariz é un rectángulo, algo máis estreito segundo subimos cara a fronte. Unha liña incisa sobre os ollos marca as cellas ou o arranque do cabelo. A boca parece insinuarse a través dun lixeiro desgaste ou puido. A contorna da cara parece enmarcada por unha serie de lixeiras incisións que parecen irradiar da mesma. Nas esquinas inferiores da placa conserva dous círculos da mesma feitura e dimensións cós ollos (33 mm de diámetro). Na parte superior esquerda ten unha perforación.

En canto á súa función, cremos que se pode tratar dun aplique de cinto. Este tipo de apliques son bastante comúns entre a indumentaria militar, se ben o motivo elixido non é para nada común entre os apliques de cinto documentados.

### 1970/00176

Aplique ou remate de cinto formado por unha placa de bronce de forma triangular amarrada ao coiro por seis remaches de cabeza esférica. A placa de bronce é tan fina que apenas acada o medio milímetro de grosor (0,47mm). Cinco dos remaches son iguais, de cabeza esférica e lisa, mentres que un deles parece ter a cabeza con lixeiras acanaladuras. Dous dos remaches conservan unha pequena arandela para axustar mellor na placa de bronce. As dimensións dos remaches (fig. 4) de cabeza lisa están próximas aos 12 mm de longo (11,9 mm de media), mentres que o exemplar con acanaladuras alcanza os 9, 840 mm se ben, temos que sinalar que presenta máis curvatura e peor estado cos outros, polo que a lonxitude orixinal puido ser superior. Finalmente, as arandelas acadan un diámetro máximo de 1,94 mm.



Fig. 4. Dimensións dos remaches, coiro e placa de bronce. Foto: Álvaro Pérez.

Nesta peza xa se tiña observado anteriormente a presenza de dúas finas láminas de coiro. A revisión realizada baixo microscopio permitiunos medir de forma precisa o grosor das dúas capas de coiro, que apenas superan, no seu máximo, o 1,5 mm de grosor (1,548 mm e 1,160 mm, respectivamente).

En canto á súa funcionalidade, interpretamos esta peza coma un *pteruges*, unha peza decorativa que soe colgar dos cintos romanos de carácter militar.

### 1970/00177

Aplique ou botón en forma de flor. Os oito pétalos parten dun círculo co bordo resaltado que contén outro no seu centro. No interior dalgún dos pétalos poden observarse algunhas manchas brancas e vermellas que nós interpretamos como restos de esmalte.

Fabricada en bronce e feita a molde, os ocós tanto nos círculos que conforma o corpo da flor coma os que se conforman no interior dos pétalos puideron ir recheos de esmalte, o que lle daría unhas vivas cores que no caso dos pétalos se complementarían con trazos de liñas avermelladas que resaltarían aínda máis cos bordos dourados do bronce.

En canto ao seu encadre tipolóxico, para Arias e Durán (1997) correspondería co tipo I-A.1.a.2 de Aurrecoechea, pero a súa marcada forma floral debería encadrarlo mellor no tipo I-L. En calquera caso, consideramos que o feito de que se trate dunha peza esmaltada precisaría dun encaixe diferenciado dentro dun apartado propio.

O esmaltado é unha forma de decoración que se usa dende a antigüidade para personalizar e dar cor a obxectos metálicos<sup>7</sup>. A forma de traballo orixinal consistía en cubrir as partes do obxecto a esmaltar cunha mestura na que o elemento principal era o vidro en polvo. Posteriormente introducíase o obxecto nun forno para que o polvo de vidro se fundise. As diferentes cores conseguíanse engadindo diferentes tipos de minerais mentres que as partes elevadas,

que neste caso manterían o dourado do bronce, funcionarían coma si foran o marco para as zonas esmaltadas.

Ambos botóns están fabricados coa técnica de esmalte *champlevé*, consistente en esmaltar a decoración en baixorrelevo, é dicir, a que se obtiña mediante o baleirado duns ocós previos, neste caso conseguidos xa durante o moldeado do bronce.

A outra técnica usada neste broche é a chamada *millefiori* (fig. 5), usada con bastante asiduidade en fíbulas ou broches de disco. Existe un paralelo idéntico, tamén esmaltado, recuperado en St-Saturnin-de-Lucian (Hérault) e citado por Feugère (1994 e 2001). Para este autor trataríase dunha peza de arnés de cabalo e propón unha cronoloxía, sen estratigrafía, que o enmarca no século III.



Fig. 5. Detalle do pétalo esmaltado coa técnica *millefiori*. Foto: Álvaro Pérez.

Deste tipo de decoración temos variados exemplos como o recuperado en Vindolanda, datado en período Antonino (160-200) ou a fíbula de disco, probablemente de orixe gala (S. II-III), pertencente á colección da Roges Found e depositado no *Metropolitan Museum of Art* de Nova Iork (Reynolds, 1995: p.19).

De volta ao territorio galaico, non son moitos os bronzes esmaltados de época antiga identificados. Aínda que non se trata especificamente de broches,

destacamos dúas fíbulas recuperadas na provincia de Ourense. A primeira é unha fíbula zoomorfa -representa unha galinácea- que foi recuperada en niveis altoimperiais do solar do Pompeo, asociado a unha cunca de TSH Drag. 35 cunha cronoloxía de mediados século II d. C. Foi clasificada dentro do tipo 29a. 23 de Feugère (Veiga, 2019). O outro exemplar é tamén unha fíbula, neste caso recuperada en Casaio. Esta peza foi encadrada dentro do tipo 26D de Feugère (Tejerizo-García *et al.* 2022).

En canto á súa fabricación e orixe, sospeitase que existían centros de produción no norte da Galia e Renania, difundíndose ata os pobos xermánicos máis alá do Limes. Este tipo de fíbulas de cores brillantes, parece ademais que formarían parte da indumentaria da poboación celta, pero non da moda italo-romana (vv.aa., 2012).

### 1970/00178

Remache ou botón circular de bronce con decoración en forma de dous círculos concéntricos. En realidade debería ser considerado máis ben un remache, e non un botón, xa que se trata dun conxunto formado por unha peza circular perforada atravesada polo remache, de cabeza esferoide, propiamente dito.

A sinxeleza da decoración fai que o motivo se repita con asiduidade polo que é difícil asignarlle un uso e cronoloxía axustados.

### 1970/00180

Aplique de bronce composto por unha anela case circular e unha placa oblonga. Na súa parte posterior poden apreciarse os restos dun espigo que, posiblemente, servira de ancoraxe para un cinto. Presenta unhas dimensións de 17 mm de ancho e 32 de longo. Foi recuperada durante as escavacións realizadas nos primeiros anos da década dos setenta do século pasado polo que non dispoñemos de estratigrafía e incluso a súa localización na croa do castro non está claramente determinada.

En canto aos posibles paralelos, este tipo de apliques teñen aparecido en cintos coma os de Galdenburg bei Cuxhaven e Oudenburg. Para Stefanie Hoss, a partir do século IV a espada volve levarse amarrada no cinto e, a maiores, aparecen pezas como a que nos ocupa, destinada a colgaduras nas que se podía levar, por exemplo, bolsas de coiro (Hoss, 2012, p.40), aínda que, como veremos no apartado destinado ao análise de restos orgánicos, o que observamos nesta peza foron restos de tecido de la, polo que é probable que, nalgún momento, fose deste material o elemento que colgara desta peza. A observación baixo microscopio tamén nos permitiu ver a cor dourada orixinal en todas estas pezas de bronce (fig. 6).



Fig. 6. Cor orixinal do bronce 1970/180. Foto: Álvaro Pérez.

### 1970/00202

Aplique de bronce de forma circular e decoración a base de tres pares de círculos concéntricos e un bordo dentado. Na parte posterior leva un remache circular de 6 mm de grosor na base e 15 mm de grosor máximo. O bordo dentado conseguiuase practicando unha serie de 50 incisións separadas por espazos que non soen acadar o milímetro de espesor.

O diámetro máximo chega aos 34 mm e pesa uns 23 gramos o que, xunto coas considerables dimensións do remache lévanos a imaxinalo máis como decoración ou parte dun arreo de cabalo que como elemento de adobío persoal, aínda que non temos probas nun ou noutro sentido.

<sup>7</sup> Este método é o mesmo usado para decorar cerámica.

#### 1970/02449 e 1970/02450

Dous fragmentos dunha fibela de ferro forxado de sección circular que parecen pegar entre si. Presenta un grosor de 10 mm. O seu mal estado de conservación non permite o seu estudo.

#### 1974/00011

Fibela de forma rectangular e ángulos redondeados. Conserva o arrinque da agulla, que debía ser de ferro forxado. Cando foi recuperada, no ano 1974 (C- I-42), presentaba unhas dimensións de 55 mm de longo e 35 mm de ancho. O seu mal estado de conservación non permite sometela a un novo estudo.

#### 1976/00017

Botón de pequeno tamaño con decoración a base dunha forma ondulada, que percorre todo o seu perímetro, dentro da que se contan ata dezanove círculos, tamén en disposición perimétrica. No medio destes destaca unha estrela de dez puntas en baixorrelievo con outro pequeno círculo no seu centro.

Na parte traseira conserva o enganche cunha perforación, polo que supoñemos que iría cosido nunha tea.

As partes en alto relevo presentan unha cor avermellada, mentres que as zonas en baixorrelievo teñen cor verde. A observación baixo microscopio mostrou que ambas tonalidades parecen ser distintas formas de corrosión do bronce, non presentando evidencias de esmalte, como se podía supoñer nun primeiro momento.

#### 1984/0778,3

Enganche de bronce, de forma piramidal alongada, rematado nunha punta revirada cara a o lado exterior (decorado). Presenta decoración distribuída en varios recadros separados por liñas incisas. No interior dos recadros aparecen triángulos con liñas incisas, colocados en grupos enfrontados pero con distinta disposición (fig. 7). No medio deles hai tamén un cadrado con cinco medios aros, algún deles entrelazado. Na parte traseira aínda conserva os espigos dos remaches. Presenta unhas dimensións de 46 x 11 mm e un peso de 6,6 gramos.



Fig. 7. Detalle da decoración no enganche 1984/0778,3.

Este tipo de pezas aparecidas no castro no seu momento foron catalogadas como “enganches de cinto ou tahalí”. A nosa opinión é que se trata de enganches de armadura, concretamente de *lorica segmentata* do tipo Corbridge xa que presentan un gran parecido cos mesmos. En calquera caso tampouco podemos desbotar a posibilidade de que se usara, nalgún momento, como enganche noutro tipo de indumentaria.

#### 1988/02128,1

Enganche de bronce de forma piramidal alongada, coa punta revirada cara a dentro e co outro extremo parcialmente dobrado. Presenta mal estado e non se pode observar decoración algunha nin restos dos espigóns dos remaches pola parte traseira. As súas dimensións son de 15 x 45 mm.

#### 1989/00058

Enganche de bronce de forma piramidal, moi apuntado, e coa punta revirada cara a dentro. Presenta decoración na cara externa, en forma de dúas zonas de círculos concéntricos que, á súa vez, enmarcan o lugar onde van cadanseu remaches. Ten unhas dimensións de 70 x 16 mm.

Da mesma maneira caos enganches anteriormente descritos, cremos que nos atopamos diante de enganches de armadura, posiblemente tipo Corbridge.

#### 2007/00377

Fibela de bronce con agulla de ferro. Presenta forma cuadrangular e sección plana. Ten unhas dimensións de 35 x 31 mm e un grosor máximo de 4 mm. Pesa tan só 6 gramos (agulla incluída). A agulla mide 40 mm de longo e ten 9 mm de grosor. O marco de bronce realizouse a molde, fundindo o metal, mentres que a agulla de ferro foi feita por martelado. O ancho do marco chega aos 44 mm nas partes máis anchas.

Esta fibela foi recuperada durante as escavacións realizadas no ano 2007 e sometida a limpeza mecánico-química. Aínda así, o estudo baixo microscopio revelou, na superficie do marco da fibela, unha serie de impresións que nós interpretamos como impresións de tecido (fig. 8).



Fig. 8. Restos de tecidos mineralizados. Frecha vermella mostra impresión de fibra animal mineralizada en detalle. Frecha verde trama e urda mineralizados.

#### 2008/00007

Dous fragmentos pegados pertencentes a unha fibela en forma de D e decorada con volutas que rematan cara ao interior, o que lle dá un aspecto “peltiforme”. Conserva unha pequena parte dos dous pasadores que a fixarían ao cinto a través dunha bisagra. Presenta un ancho máximo de 35 mm.

Un dos paralelos máis claros atopámolo no cinto de Velsen (Países Baixos), datado no século I d. C. (Hoss, 2012). Tamén aparece un exemplar entre a *militaria* recuperada no xacemento neerlandés de Wijk bij Duurstede-“De Horden”, habitado dende a tardía Idade de Ferro ata o século III da nosa era (Nicolay; 2001,p. 55).

En Hispania atopamos un par de exemplares idénticos en Arcóbriga (Zaragoza) depositados na colección do marqués de Cerralbo, segundo recolle Caballero Zoreda (1974, p. 44).

### Identificación e caracterización dos diversos restos orgánicos.

A presenza de restos de coiro na fibela 1970/00170 xa foi apreciada dende os primeiros momentos dos traballos de limpeza e así aparecen reflexados, dende ese momento, na ficha de catalogación da mesma.

Nas primeiras imaxes obtidas das fibras obsérvase, en primeiro plano, como se entrelazan, o que nos levou a pensar na posibilidade de que se tratara de febras fiadas (fig. 9). Sen embargo, o feito de que nas febras non se aprecie unha torsión artificial claramente distinguible que as una, xunto coas imaxes aumentadas nas que se aprecia, inclusive, a unión do pelo coa pel, fixeron que desbotáramos a posibilidade de que se tratara de restos de tecido, e que nos inclináramos a pensar que se trataban, como vimos posteriormente, dos propios pelos do coiro.




Fig. 9a. Imaxe das fibras (45x) na fibela 1970/00170 e fig.9b. Ampliación das fibras coas dimensións. Foto: Álvaro Pérez.

As imaxes obtidas a través do microscopio, nun principio, poderían ser suficientes para efectuar unha comparación morfolóxica para, cando menos, eliminar algunhas posibilidades. Así, a densidade dos pelos observados (500 microns de separación entre folículos) (fig. 10a), a súa distribución ou o escaso grosor da pel (fig. 10b) fai que nos inclinemos a pensar máis nun animal de tamaño medio, descartando, nun principio, a pel de vacún.




Fig. 10a. Espazo entre folículos. Fig. 10b. Grosor do coiro e burato da agulla (220x). Foto: Álvaro Pérez.

Aínda que comezamos, e estruturamos, esta investigación como si fora o estudo de dous materiais distintos que tiñan en común a súa presenza e conservación asociados a unha fibela de bronce, en realidade, o que podemos observar é que nos atopamos diante dun único material; un vélaro, é dicir, un fragmento de pel, posiblemente de ovella, que aínda conserva a súa la.

O caso da fibela con numeración 1970/00169 foi menos problemático en canto a súa identificación, xa que cuns poucos aumentos pódese apreciar que nos atopamos diante de restos de coiro que conservan os pelos do animal. A diferenza co caso anterior é que aquí pode observarse con claridade como o pelo presenta unha uniformidade en canto a

extensión e lonxitude das fibras que nos fai pensar na posibilidade de que foran sometidas a un tratamento intencionado. A visión microscópica permite observar as distintas capas da pel. Esta acada uns grosos -medidos en distintas partes- que van dende o 1,5 ata 1,8 milímetros. A súa parte interna aparece como pegadas mineralizadas sobre a superficie da fibela. Na parte central da superficie do coiro obsérvase claramente unha greta ou rotura que ben podería tratarse do burato para pasar a agulla. A través deste burato podemos ver a parte externa da pel, con abundante presenza de pelos. Estes aparecen como unha densa e tupida capa de pelos cunha largura que nunca excede os 500 microns. Este feito lévanos a pensar que estamos diante dun coiro no que se puido ter buscado un acabado tipo ante ou *nobuck*, (fig. 11) sendo imposible para nós precisar si se trata dun ou doutro tipo de acabado.




Fig. 11.a. Imaxe do coiro con acabado tipo ante na fibela 1970/00169.b) Detalle ampliado (220x) do coiro (frecha azul), os pelos (frecha vermella) e fibra de algodón debido á contaminación externa (frecha fucsia). Foto: Álvaro Pérez.

O tipo de acabado do coiro, deixando pequenos pelos cubrindo a súa superficie, impide unha correcta visión de poros e foliculos, polo que nos resultou inviable, cós actuais medios, discernir a que tipo de animal puido pertencer.

Como puidemos observar, as dúas fibelas son idénticas e ambas conservan restos de coiro, aínda que no caso da fibela 1970/00170 as fibras ou pelos son moito máis longos e descoidados. Este feito leva a que nos inclinemos a pensar que se trata de coiro no que se buscaron, intencionadamente, dous tipos de acabados distintos. Este detalle pode darnos algunha pista sobre o seu posible uso e, o feito de que

se trate de dúas fibelas idénticas, abre a posibilidade de que nos atopemos diante de dúas pezas que formaron parte da mesma prenda de vestir pero que se dispuxera de acabados distintos segundo a zona. Así, non resulta difícil imaxinarse unha chaqueta con acabado de ante na que a zona do colo ou pescozo estivera fabricada con pel na que se deixa a la máis longa co obxectivo de protexerse do frío e acadar un acabado máis cálido. En calquera caso, isto non é máis cá unha posible interpretación, existindo outras posibilidades, dende que se trate de dúas pezas separadas ata que formen parte dalgún tipo de calzado ou doutro tipo de indumentaria.

En canto a posible orixe do coiro, recordemos que, no castro de Viladonga, temos comprobada, a través de diferentes restos e pegadas, a presenza de diversos animais domésticos dos que sería posible obter coiro de diversas calidades. Así, ao longo de cincuenta anos de escavacións, recuperáronse restos de equinos, vacúns, súidos, ovinos e cabrúns (Fernández, 2002). Ademais da cabana doméstica teríamos que ter en conta a posibilidade de que a pel fose obtida de animais salvaxes coma corzos ou veados.

A tupida rede de pelos e a disposición do coiro, dobrado sobre si mesmo, fai moi complicado facer unha identificación da orixe do coiro por comparación morfolóxica sen ter que proceder a realizar análises que comporten a extracción de mostras que poida que tampouco acaden conclusións definitivas. Chegados a este punto, quizais sexa convinte barallar para un futuro a posibilidade de análises de ADN ou a identificación dos animais a través de marcadores peptídicos por espectrometría de masas MALDI-TOF.

Como xa sinalamos, brevemente, na descrición dalgúns pezas, a análise baixo microscopio permitiunos constatar a presenza doutro tipo de fibras orgánicas, máis ou menos dispersas, que cremos que puideron formar parte de prendas de vestir ou dalgún outro tipo de tecido, como poderían ser bolsas ou faldriqueiras. A mineralización destes diminutos restos permitiu que se conservaran ata o punto de poder identificados morfoloxicamente. En todos os casos as fibras recoñecibles puideron ser identificadas, como dicimos, por comparación morfolóxica, como pelos de animais polo que, o máis probable, é que se trate tamén de la de ovella.



Figs. 12. a) e b). Diversas mostras de fíos trenzados. c) Fragmentos illados de trama e urda na fibela 2007/00337 (220x).

Nalgunha das pezas (1970/120 e 2007/00337) incluso foi posible recoñecer restos de fíos trenzados e pequenos fragmentos de trama e urda (fig. 12), confirmando que se trata de tecidos e non de fibras soltas. Cabe sinalar o proceso de mineralización das fibras observado na fibela cadrada (2007/00337) onde pode verse parte do tecido totalmente incrustado no marco de bronce, co que podería incluso levar a confundilo con marcas ou raias de rozamentos ou puídos (fig. 8). A definición da imaxe obtida dalgunha das fibras permite a súa clasificación como fibra animal, polo que, probablemente, nos atopemos diante os restos de tecido de la. O uso do microscopio dixital permitiunos coñecer as diminutas medidas (137 x 163 microns) do espazo entre os fíos da trama e da urda, cando menos nunha das pequenas mostras. Tamén puidemos medir o grosor dalgúns fibras, acadando cifras entre os 28 e os 30 microns.

Por outra banda, baixo o microscopio puidemos distinguir -en case todas as fibelas e broches estudados- a presenza doutro tipo de fibras, moito máis dispersas e soltas, dunha tonalidade máis clara e cunha morfoloxía moi distinta, xa que se pode apreciar claramente unha flexión ou torsión natural na súa estrutura. Todas estas características morfolóxicas que fai que as identifiquemos rapidamente como febras de algodón. A presenza deste tipo de febras, consideradas exóticas na antigüidade clásica, temos que asocia-la á contaminación producida no laboratorio de restauración -algunhas aparecen debaixo das capas de protección- durante os diversos procesos de limpeza e tratamentos de consolidación aos que foron sometidos todos estes fondos (fig. 13).




Fig. 13. Restos de algodón identificados na peza 1970/00170 asociados á contaminación producida durante o proceso de restauración (220x). Foto: Álvaro Pérez.

## Conclusións

Aínda que nun primeiro momento podemos interpretar o conxunto analizado como un tanto ecléctico, o estudo comparativo con outros achados ao longo do imperio fai que poidamos englobar a case totalidade dos obxectos estudados dentro da indumentaria militar romana. A xulgar polos paralelos e as cronoloxías aportadas podemos asegurar que temos claras evidencias, cando menos, de dous cintos (non sabemos si un deles sería *balteus* ou ambos *cingulum*) de distintas épocas, un estaría encadrado a finais do século I d. C. ou principios do II e outro máis tardío, probablemente entre o III e o IV.

Outro elemento a ter en conta en relación a presenza militar sería a existencia de restos dunha armadura tipo “Corbridge”. En concreto, poderían formar parte deste tipo de armaduras os enganches (1970/00166; 1984/778,3; 1988/2128,1), a placa (1970/00167) e o broche de pétalos (1970/00174) xa que encaixa dentro dos elementos propios asociados frecuentemente a este tipo de armaduras.

A presenza destes elementos concordaría tamén coa existencia doutros obxectos presentes no castro, como a *phalera* coa representación da cabeza de león, as pisadas e chatolas de *caligae* (bota militar romana) ou o puñal de ferro con folla nervada ou *pugio* (1970/00066). Todos eles encaixarían dentro desas evidencias de indumentaria e armamento de adscripción tipicamente militar.

En canto á fabricación e ao posible orixe das pezas revisadas, a maioría delas están fabricadas a molde con aliaxes de bronce. Dispoñemos de varios exemplos de crisois e moldes -aínda que non deste tipo de pezas- en Viladonga, polo que, tecnoloxicamente, é posible, que algunha delas fose fabricada no propio castro ou na súa contorna. Para outras pezas, non obstante, debido á súa estandarización e aos paralelismos con outros exemplares localizados en diversos puntos do imperio, temos que pensar na posibilidade dunha orixe común ou, cando menos, na existencia de centros especializados na súa produción, ben comunicados e que facilitaran a súa difusión. Este sería o caso máis probable para os botóns esmaltados cuxa orixe e difusión habería que busca entre os pobos celtas da Galia (vv.aa. 2012).

Neste punto, cabe sinalar tamén a importancia arqueolóxica que supón a presenza dalgunhas das fibelas estudadas como, as do tipo La Olmeda, manifestación cultural da mutua influencia entre os pobos romanos e xermánicos, reflectida incluso nunha mostra tan exigua como a recuperada no castro de Viladonga. A presenza deste tipo de adornos, cun marcado carácter militar, remarca -aínda máis- a posibilidade dunha presenza no castro, máis ou menos continua, de individuos de probable orixe xermánica ao servizo da militarizada administración romana.

Cabe tamén recordar que o uso de cintos, a parte das súas funcións básicas -colgar a espada e outro tipo de obxectos- tiña un significado simbólico, sendo un orgullo a súa posesión, incluso para os militares retirados, ata o punto de que poder lucilo en público mostraba que se acadou o retiro con todos os honores. Sería precisamente a presenza desta clase de militares xa retirados o que mellor concorda coa explicación da presenza de indumentaria propia deste estamento nun contexto civil como sería o do castro de Viladonga. Convén recordar tamén neste punto que o castro

sitúase apenas a 24 km da antiga *Lucus Augusti*, e aínda quedaría tamén por explicar a posible relación existente entre o castro e o campamento militar de Ventín (Pol, Lugo) ou incluso a vila de Doncide, situados a pouco máis de 3 km do asentamento castrexo.

Por último, antes de pasar as conclusións do apartado de análise de restos orgánicos, temos que mencionar que, polo que respecta a localización das pezas estudadas dentro do castro, non puidemos establecer unha relación estratigráfica entre ningunha delas, salvo no caso dos enganches 1989/00058 e 1988/2128,1, ambos recuperados durante as escavacións dirixidas por Felipe Arias no lado nordeste da muralla e a zona da identificada como torre defensiva, polo que se atopaban moi preto pero, aínda así, en catas distintas.

En canto ao análise dos restos orgánicos adheridos aos distintos fondos revisados, con este artigo demos a coñecer novos restos coiro asociados á indumentaria e vestido localizados nun contexto castrexo e non son moitas a evidencias desta clase coñecidas, ou cando menos publicadas, relacionadas con este tipo de hábitat. Tanto os condicionantes do terreo (acidez, humidade, formación do solo), que non favorecen a conservación restos orgánicos, coma o escaso interese que, ata o de agora, se mostrou no seu estudo pode estar detrás da práctica ausencia deste tipo de materiais no rexistro arqueolóxico.

Dende a nosa experiencia persoal cremos que esta situación de relativa ausencia de vestixios podería reverterse de dúas formas: en primeiro lugar coa revisión de fondos museográficos metálicos -especialmente bronce- asociados á indumentaria téxtil (fíbulas, fibelas, broches...) e, por suposto, poñendo especial coidado na limpeza e tratamento dos obxectos metálicos que poidan aparecer nun futuro nas escavacións. Estes simples pasos, débense ter moi presentes no caso de escavacións en contextos castrexos, xa que, moi probablemente, esta sexa a única forma de ir fiando, dende o punto de vista arqueolóxico, a vestimenta dos seus habitantes.

As conclusións obtidas a partir da análise microscópica das mostras de coiro non poden ser definitivas, o seu pequeno tamaño e morfoloxía non nos permiten afirmar con rotundidade o tipo de animal ao que pertencen. O pequeno tamaño das mostras e a súa

conservación debido a procesos de mineralización asociados ao bronce, entrañan certas dificultades de cara a sometelos a determinadas probas sen que iso supuxese a posibilidade de que sufrira un grave deterioro ou, incluso, a súa perda polo que, neste intre, parece difícil dar unha resposta científica a este interrogante. Dito isto, e aínda que sexa con reservas, cremos que o máis probable é que os restos pertencan á especie ovina xa que, dende antigo se consideraba a pel de cabra mellor para curtir, e no caso de deixar o pelo, preferíase usar a la polas súas características como material illante, tanto do frío coma da auga. Neste mesmo senso, cabe recordar os numerosos exemplos do uso deste tipo de pelicos que chegan ata os nosos días, realizados, case sempre, coa pel e a la de ovellas, precisamente debido á protección que ofrece este material polas súas características illantes da choiva e do frío.

A alta probabilidade de que nos atopemos diante de restos de pel de ovella, remarca a importancia da cabana ovino-caprina para os habitantes deste castro, feito xa sinalado anteriormente dende o punto de vista dos estudos zooarqueolóxicos, que a identificaba como a segunda en importancia (Fernández, 2002), ou a través dos restos da cultura material asociados a produción téxtil (Pérez, 2017; 2020).

Por outra banda, e referíndonos sempre á cultura castrexa, segue sendo significativa a ausencia no rexistro de restos de liño ou evidencias sobre o seu uso, a excepción das coñecidas referencias de autores clásicos. Crems que isto soamente se debe a unha cuestión de fortuna ou parcialidade dos escasos restos estudados e debería entrar dentro do posible que, co tempo, se poida, dunha maneira ou doutra, testemuñar o seu uso.

## Bibliografía

Arias, F. y Durán, M. C., (1997). Apliques e botóns de bronce para persoas e cabalarías no Castro de Viladonga. *Croa*, nº 7, pp.14-18.

Aurrecoechea Fernández, J.:(1994). Los botones de bronce en la Hispania romana, *Archivo Español de Arqueología* (CSIC), 67, nº 169-170, pp. 157-178.

(1999). Origen, difusión y tipología de los broches de cinturón en la Hispania Tardorromana, *AEspA*, nº 72, pp.167-197.

(2007). Las armaduras segmentadas (loricae segmentatae) en los yacimientos romanos de la provincia de León: Un estudio de conjunto, *Archivo Español de Arqueología*, vol. 80, pp. 153-182.

Alfaro Giner, C., (1984). *Tejido y cestería en la Península Ibérica. Historia de su técnica e industrias desde la Prehistoria hasta la Romanización*, Madrid, Biblioteca Prehistórica Hispánica, XXI. (1997): *El tejido en la época romana*. Madrid, Cuadernos de Historia, 29. Arco Libros.

Alfaro, C.; Urteaga, M.; Alkaín, P., (2018). Some wool textile fragments from the roman porto of Oiasso (Irún, Spain), En: *Porpureae Vestes VI, Textiles and Dyes in the Mediterranean Economy and Society: proceedings of the VIth International Symposium on Textiles and Dyes in the Ancient Mediterranean World (Padova-Este-Altino, Italy, 17-20 October 2016)* Stella, M.; Gleba, M.; Meo, F.; Tricomi, A.R. (ed. lit.), pp. 409-418.

Caballero Zoreda, L., (1974). La necrópolis de Fuentespreadas (Zamora). Un asentamiento en el valle del Duero. *Excavaciones Arqueológicas en España*, 80.

Fernández Ibáñez, C., (2006). Post vestigium exercitus. Militaría romana en la región septentrional de la Península Ibérica durante la época altoimperial En: MORILLO CÉRDÁN, A. (coord.) *Producción y abastecimiento en el ámbito militar: arqueología militar romana en Hispania II*, pp. 257-308.

Fernández Rodríguez, C., (2002). Análisis de los restos faunísticos recuperados en el Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), *Croa*, nº 12, pp. 7-14.

Feugère, M., (1994). Activités et acquisitions de la Maison du Patrimoine en 1993, *Cahiers du Patrimoine*, 1, pp. 3-24.

Feugère, M.; Poux, M., (2001). Gaule pacifiée, Galule libérée?: Enquête sur les militaria en Gaule civile, *Jahresbericht/gesellschaft Pro Vindonissa*, pp. 79-96.

Gleba, M., (2008). Textile Production in Pre-Roman Italy. Ancient Textiles Series Vol. 4. Oxford: Oxfow books.

(2011). Textiles studies: sources and methods, *KUBABA 2*, Lisboa.

(2020). Tracing textile production in the Bronze Age-Early Iron Age Iberian Peninsula: an introduction, En: *Saguntum: Papeles del Laboratorio de Arqueología de Valencia-Extra*, nº. Extra 20, (Exemplar dedicado a: Interweaving traditions: clothing and textiles in Bronze and Iron Age Iberia), pp. 17-27.

Hoss, S., (2010). A theoretical approach to roman military belts En: M. Sanader; A. Rendić-Miočević; D. Tončinić, I. Radman-Livaja (eds.), *Proceedings of the XVIIth Roman Military Equipment Conference: Weapons and Military Equipment in a Funerary Context* (XVII Roman Military Equipment Conference, Zagreb, 24th - 27th May, 2010), Zagreb, 2013, pp.317-326.

(2012). "The Roman Military Belt" En: NOSCH, M-L. (ed.) *Wearing the cloak. Dressing the Soldier in Roman Times*, Ancient Textiles Series, vol.10, Oxbow Books, pp. 29-44.

Naveiro López, J.& Senén, F., (1987). Introducción ó estudo da industria do tecido na cultura Castrexa: as fusaiolas, *Gallaecia*, 9-10, pp. 61-96.

Nicolay, J.A.W., (2001). Interpreting Roman military equipment and horse gear from non-military contexts. The role of veterans", *Jahresbericht/gesellschaft Pro Vindonissa*, pp. 53-66.

Matos da Silva, M. & Pereira de Oliveira, P. C., (1999). Estudo tipológico dos cossoiros do Museu da Sociedade Martins Sarmento (Citânia de Briteiros, Castro de Sabroso e proveniência diversa), *Revista de Guimarães*, 1999, pp. 633-659.

Palol, P. de; Cortés, J., (1974). *La Villa romana de La Olmeda (Pedrosa de la Vega, Palencia)*, (Acta Arqueológica Hispánica 7) Madrid.

Pérez Rodríguez-Aragón, F., (1991). Los broches de los cinturones tardorromanos y el inicio de la presencia germánica en la Península Ibérica, *Codex aquilarensis: Cuadernos de investigación del Monasterio de Santa María la Real*, nº4, pp. 63-136.

Pérez Rodríguez F; Viñe Escartín, A., (1989-1990). Los *cingula militiae* tardorromanos y el inicio de la presencia de tropas de origen germánico en Hispania en los siglos IV y V, *Norba: Revista de historia*, nº 10, 1989-1990, pp. 95-108.

Pérez Rozas, A., (2017). A produción téxtil na cultura castrexa: As fusaiolas do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), *Croa*, nº 27, pp. 32-51.

(2020). Estudo dunha mecha de la procedente do Castro de Viladonga, *Croa*, nº 30, pp. 20-30.

Reynolds Brown, K., (1995). *Migration art. A.D. 300-800*, The Metropolitan Museum of Art, New York.

Rodríguez Calviño, M., (1999). As fusaiolas do Castro da Graña (Toques, A Coruña). Unha análise descritiva, *Gallaecia*, 18, pp. 201-221

(2005). El hilado en la cultura castrexa: Una aproximación desde la arqueología experimental en: Iglesias Gil, J.M. (ed.) *Cursos sobre el patrimonio histórico 9. Actas de los XV cursos monográficos sobre el patrimonio histórico* (Reinosa, julio-agosto 2004), pp. 175-190.

Rodríguez Nóvoa, A. A., (2014). Elementos cerámicos de la actividad textil en el conjunto arqueológico de Armea (Allariz, Ourense) En: Morais, R.; Fernández, A.; Sousa, M.J. (coord.): *As Produções cerâmicas de imitação na Hispania*, vol. 2, pp. 397-406.

Tejerizo-García, C.; Fernández Pereiro, M.; Torres Iglesias, D., (2022) (en rede). Fíbula de Casaio. Carballada de Valdeorras. Disponible en: [https://musargourense.xunta.gal/sites/default/files/doc/peza\\_mes/2022/5/pm\\_05\\_2022\\_gal.pdf](https://musargourense.xunta.gal/sites/default/files/doc/peza_mes/2022/5/pm_05_2022_gal.pdf) (Consultado:15/08/2023):

Veiga Romero, A. M., (2019) (en rede). Fíbula con esmalte. Disponible en: [https://musargourense.xunta.gal/sites/default/files/doc/peza\\_mes/pm\\_2019\\_06\\_esp.pdf](https://musargourense.xunta.gal/sites/default/files/doc/peza_mes/pm_2019_06_esp.pdf) (Consultado:15/08/2023)

VV.AA., (2012). *Die Welt der Kelten. Zentren der Macht-Kostbarkeiten der Kunst*, Ostfildern,Thorbecke.



1970/00151



1970/00151



1970/00168



1970/00168



1970/00167



1970/00167



1970/00169



1970/00169



1970/00166



1970/00166



1970/00170




1970/00170



1970/00171



1970/00171



1970/00175



1970/00175



1970/00172




1970/00172



1970/00176



1970/00176



1970/00174



1970/00174



1970/00177



1970/00177



1970/00178



1970/00178




1976/00017



1976/00017



1970/00180



1970/00180



1984/0778,3




1984/0778,3



1970/00202



1970/00202



1988/02128,1



1988/02128,1



1988/02128,1



2007/00377



1989/00058



1989/00058



2008/0007



2008/0007